

## Tropa poética

Enviado o 18 Novembro 2011



Antón Cortizas, **vello coñecido** do público infantoxuvenil, acaba de publicar *Vaia tropa!*, aparecido na colección Merlín de Edicións Xerais de Galicia, na que xa figuraban anteriores títulos seus como o memorable *A meria de trapo* (2001).

Poemario singular, anunciado dende a cuberta como “libro-xogo”, este volume, suxestivamente **ilustrado** por María Reyes Guijarro, incorpora unha setentena de composicións que animan a penetrar neles con espírito lúdico, facilitando o ameno exercicio da lectura como entretido argallar cos versos.

Arrincando dende as raiceiras da literatura galega de tradición oral e mesturando estas coa máis lucida tradición de autor, Cortizas crea un artefacto visotextual que resulta un verdadeiro circo poético: caligramas, poemas con ilusións ópticas, poesías escritas do revés que precisan para lerse dun espello (que o propio libro inclúe, por certo, en forma de cartolina prateada)... toda unha chea de engados para os ollos e a mente que en non poucas ocasións se ven acompañados doutras sorpresas gráficas, como os debuxos anamórficos que Guijarro ideou para algunhas planas e que só poden ser ollados cabalmente creando un tubulado cónico coa lámina-espello anexa ao libro.

Estes limericks de Cortizas, xenuíno álbum de tipos estrafalarios versalmente retratados, convencerán a aqueles lectores novos que anden na procura de títulos que atesouren nas súas páxinas, a un tempo, poesía ben tecida e escrita de lecer. Unha valiosa achega que ve luz, oportunamente, nestas datas prenatalicias.

---